

VII Encontro de Deseño para a Innovación Empresarial en Galicia

«Deseño, tecnoloxía e impacto económico»

O deseño funciona como motor para o desenvolvemento, a innovación e a competitividade das empresas permitindo dar un salto cualitativo de consecuencias cuantitativas. Por iso, as empresas galegas valoran o deseño como un elemento chave das súas promocións e proxectos. Mentres, profesionais do deseño de diferentes perfís mostran a súa capacidade para incorporar novas fórmulas de investigación e innovación acordes coas necesidades do presente. Porque **unha boa estratexia de deseño é clave para conseguir unha economía máis competitiva e diferenciada.**

Todo iso xa estaba presente no Laboratorio de Formas de Galicia, coa relación entre deseño, arte e industria, coa comunicación e a investigación como procesos. Porque se trata de **deseñar o cambio desde a responsabilidade co territorio e coa nosa propia historia**, proxectando novas ideas ou tecnoloxías, e construíndo desde esa herdanza os signos futuros dun sistema de expresión propio, partindo da utopía de que o deseño, en tanto que elemento de diferenciación orientado á innovación, pode cambiar o mundo.

Programa

10.00 h

Presentación VII Encontro de Deseño para a Innovación Empresarial en Galicia. «Deseño, tecnoloxía e impacto económico».

10.10-10.30 h

360 Graos: Unha visión integral para o desenvolvemento social e económico — Uqui Permui. Directora de arte e deseñadora gráfica especialista en deseño social, editorial, web e experiencia de usuario (UX). Profesora asociada da Facultade de Comunicación da USC, foi presidenta da DAG e READ. Uqui foi recoñecida co Premio Galicia de Innovación e Deseño na categoría de Profesionais 2023.

- 10.30-10.50 h **Por que facemos o que facemos? – Costa. (Dani Bembibre e David Silvosa).** Estudio de marca e deseño creado en 2014. Entre os seus clientes atópanse Zara, Pull & Bear, Zara Home, Estrella Galicia, 1906 Reserva Especial, EXPOCoruña, Fundación Barrié, NEWS Belgium, La Sociale Paris, Kina Fernández, PCM Design ou o Concello de A Coruña, entre outros. O estudio foi merecedor do Premio Galicia de Innovación e Deseño na categoría de empresas.
- 10.50-11.10 h **A arte de divagar: pensar diferente para poder innovar – Carmen Bouza Fernández.** Deseñadora de produto dixital e Máster en Experiencia de Usuario. Durante os últimos anos colaborou en proxectos de innovación para clientes como Telefónica, Inditex e Google. Actualmente é membro do equipo de Accenture Song, desde A Coruña.
- 11.10-11.45 h **Pausa - café**
- 11.45-12.05 h **A importancia da relación cliente-tecnoloxía na nova contorna dixital – Rosa Seoane.** Directora de Digital Distribution & Workplace en ABANCA. Enxeñeira de Telecomunicacións pola Universidade de Vigo e Máster en Ciberseguridade polas universidades de Vigo e Coruña, é tamén certificada PMP. Conta con máis de 20 anos de experiencia en tecnoloxías da información en contornas bancarias, coordinando proxectos de innovación e transformación tecnolóxica.
- 12.05 - 12:45 h **O deseño como gran catalizador – Javier Cañada.** Fundador do Instituto Tramontana e director de deseño de Visual MS. Pioneiro do deseño de interacción en España e Latinoamérica, escribiu innumerables artigos, fundou comunidades profesionais e participou como relator nos congresos máis relevantes do sector. Traballou en deseño e experiencia de usuario e fundou Vostok Studio, coñecido polo seu Programa Vostok, no que se formaron algúns dos deseñadores máis relevantes.
- 12.45-13.00 h **Clausura institucional**
- 13.00 h **Aperitivo *networking***